

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 24/04/2023**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

ARGIMIRO SERÉN MERA

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24/04/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17 de abril de 2023, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2023/1426**

Dáse conta de escrito presentado por D. Casimiro Estévez Martínez, en nome de Xiabre Club Ciclista, solicitando autorización para a celebración da XXVI Marcha Cicloturista Club Ciclista Lobeira, o día 25 de xuño de 2023, con saída, chegada e entrega de premios aos participantes dende Carril, así como a colaboración da Policía Local e Servizo de Protección Civil e a autorización para poder utilizar as instalacións de vestiarios e duchas do Pavillón Municipal de Carril e a cesión de palco, mesas e carpas.

Vista a resolución do presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais , a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, facendo constar o seguinte:

- Deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma. Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
- A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.
- O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).
- No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos

durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

- No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas nas que existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueriras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo. Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

### **PRP2023/1433**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Farmacia Valdés CB para o subministro de 12 inxectables Anapén (adrenalina) para os Servizos de Medio Ambiente, Xardíns e Electricidade, por un importe total de 505,08€ (IVE incluído), con cargo á partida 135-22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1323**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación de MInusválidos Reunidos Asmire, solicitando permiso para ofrecemento de axendas con horóscopo a persoas a pé sen instalacións de postos durante o ano 2023. A Xunta de Goberno acorda non acceder ao solicitado.

### **PRP2023/1378**

Dáse conta de escrito presentado por D. Mariano Dos Santos Dos Santos, solicitando autorización para instalar un inchable na Praza da II República os días 28, 29 30 de abril e 1 de maio.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, tendo en conta que este tipo de instalacións autorízanse unicamente de forma esporádica durante a celebración de Festas ou Eventos.

**PRP2023/1453**

Visto o informe da Policía Local en relación á sinalización na rúa Fontecarmoa, a Xunta de Goberno Local acorda a sinalización vertical (sinal de prohibición parada e estacionamento) á altura do nº86 e sinalización horizontal dende a curva do número 86 ata o 88A, para garantir a seguridade viaria da circulación no tramo curvo que fai que os vehículos que van en sentido Doutor Tourón cara Glorieta Circunvalación teñan que manobrar cara a súa esquerda.

**PRP2023/1455**

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Alberto Piñeiro Franco solicitando ampliación da sinalización de vado permanente na travesía San Cibrán 1, a Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda ampliar o citado vado en aproximadamente 40 centímetros de liña amarela aos xa existentes, xa que as circunstancias da vía ( sen saída e con anchura de aprox. 4,5metros) dificultan as manobras de uso do vado.

**PRP2023/1457**

Dáse conta do escrito presentado por D. Alberto Ferreiros Carneiro, solicitando adopción de medidas para reducir a velocidade na rúa Marxión, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a rúa Marxión esta incluída no plan de implantación de reductores de velocidade en Vías Municipais, aprobado na Xunta de Goberno Local de 20 de marzo de 2023.

**PRP2023/1460**

Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Xestión de comunidades SL, e/n C.P. Garaxes Avda Rosalía de Castro 107, solicitando o cambio de ubicación dos contenedores situados na saída dos garaxes da citada comunidade, xa que a ubicación actual dificulta a saída de vehículos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que coa entrada en vigor o día 18 de maio de 2023 do contrato da nova empresa do servizo da limpeza viaria e recollida de basuras, ésta estudiará unha mellor ubicación para os contenedores situados na citada zona.

**PRP2023/1461**

Visto o escrito presentado por Don José Manuel Vilanova González solicitando sinalización de prioridade de paso na intersección formada polas ruas Feal, Brugueira, San Anton e Combe e Travesía de Brugueira. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Sinalizar a prioridade de paso da seguinte maneira, sinal R1 de Ceda el Paso en Rua Feal co triángulo formado coas demais, sinal R1 de Ceda El Paso na rúa San Antón e Combe, á altura do triángulo antes citado e na Travesía de Brugueira outro sinal R1 de Ceda el Paso á altura da súa intersección coa rúa Brugueira, delimitando horizontalmente todas as liñas de detención e o sinal de Ceda o Paso pintada no chan.

2.- En relación ao desnivel á altura do nº47 da rúa Feal, sinalizar o mesmo delimitando a calzada coa zona do regato con 3 ou 4 ferros en forma de U investida enterrados na calzada.

**PRP2023/1463**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Isabel Mosquera Torrado solicitando instalación de bandas reductoras de velocidade na rúa Amizade no tramo que vai cara a rúa Progreso.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará a colocación de bandas reductoras de goma.

En canto ao espello autorízase a colocación pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

#### **PRP2023/1471**

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, Director-coordinador da Oficina Técnica de Rehabilitación Urbana en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Casco Vello, a instancia de C.P. Arzobispo Lago, 25, para obras de conservación de fachadas e tellado na rúa Arzobispo Lago 25 Vilagarcía, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a tramitación da Proposta de Cualificación Provisional no que deberá constar o cumprimento dos requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-CV 02/2020)

#### **PRP2023/1473**

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, Director-coordinador da Oficina Técnica de Rehabilitación Urbana en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Casco Vello, a instancia de C.P. Alcalde Rey Daviña, 53, para obras de conservación de fachadas e tellado na rúa Alcalde Rey Daviña, 53 Vilagarcía, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a tramitación da Proposta de Cualificación Provisional no que deberá constar o cumprimento dos requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-CV 03/2020)

#### **PRP2023/1474**

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, Director-coordinador da Oficina Técnica de Rehabilitación Urbana en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Casco Vello, a instancia

de Don Carlos Galbán Zaragoza, para obras de rehabilitación integran de vivenda na rúa Vergara 5 Vilagarcía, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a tramitación da Proposta de Cualificación Provisional no que deberá constar o cumprimento dos requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-CV 08/2020)

### **PRP2023/1475**

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, Director-coordinador da Oficina Técnica de Rehabilitación Urbana en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Casco Vello, a instancia de C.P. Galerías Fandiño, para obras de conservación e rehabilitación de fachadas na rúa Alexandre Bóveda 20 Vilagarcía, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a tramitación da Proposta de Cualificación Provisional no que deberá constar o cumprimento dos requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-CV 09/2020)

### **PRP2023/1477**

Como resultado da solicitude que se fixo ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, para incrementar o número de actuacións nas ARI delimitadas de Vilaxoán e máis do Casco Vello de Vilagarcía, o pasado 21 de novembro de 2022 asinouse unha ADDENDA PARA A MODIFICACIÓN DOS ACORDOS DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 26 DE OUTUBRO DE 2018, RELATIVOS ÁS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS “CASCO VELLO” E “NÚCLEO DE VILAXOÁN” DE VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA).

Nese documento recoñécese a ampliación de 4 a 22 actuacións na “ARI Casco Vello” e de 4 a 7 na “ARI de Vilaxoán”. En Vilaxoán a alteración non supón ningún cambio na consignación económica recoñecida para cada expediente pero no “Casco Vello” houbo que realizar unha distribución proporcional das cantidades dispoñibles toda vez que a solicitude, que tamén se

facía, para transferencia de fondos entre as ARIS do municipio non resultou admitida polo Ministerio.

En consecuencia faise preciso aprobar de novo, e remitir ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, os expedientes que resultan alterados como consecuencia do novo reparto e polo tanto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes expedientes:

Exp CV\_2/2020.- C.P. Arzobispo Lago, 25 Rúa Arcebispo Lago, 25.

Exp CV\_3/2020.- C.P. Alcalde Rey Daviña, 53 Rúa Alcalde Rey Daviña, 53.

Exp CV\_8/2020.- Carlos Galbán Zaragoza Rúa Vergara, 5.

Exp CV\_9/2020.- C.P. Galerías Fandiño Rúa Alexandre Bóveda, 20.

#### **PRP2023/1488**

Dáse conta da orde ICT/1363/2022 de 22 de decembro, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras para o programa de mellora da competitividade e dinamización do Patrimonio Histórico con uso Turístico e se procede a súa convocatoria correspondente ao exercizo 2022 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/1489**

Dáse conta da exposición pública do expediente da Deputación Provincial de Pontevedra de cesión temporal gratuíta de uso de inmovible sito en Vilagarcía de Arousa na planta baixa da Avda. Doutor Tourón nº 46, a favor da Asociación Mulleres Salgadas. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/1490**

Dáse conta do escrito presentado por Don Xosé Castro Ratón e/n do colectivo de Iniciativa Cidadá de Memoria Histórica, solicitando a restauración do monumento que honra ás vítimas do franquismo "Rosas Rotas" sito no Parque Miguel Hernández. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/1493**

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 07/11/2022 de aprobación do orzamento presentado pola Empresa Decoro 2016, S.L. para subministro de placas de identificación policial.

Onde dí por importe total de 1.027,82€

Debe dicir por importe total de 1.207,82€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda correxir o citado erro.

#### **PRP2023/1599**

Dáse conta do escrito remitido por ADIF en relación ao acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de abril de 2023, aprobando a continuidade do arrendamento do local sito na Avda de Rosalía de Castro (Museo do Ferrocarril, por un período de cinco anos.

Debendo figurar no mesmo que o período de arrendamento e por catro anos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda modificar o citado acordo no que se refire o período de arrendamento, quedando como segue:

- 01/05/2023 a 30/04/2026: 2.170 €/ano.

- 01/05/2026 a 30/04/2028: 2.268 €/ano.

## **EMPREGO**

### **PRP2023/1414**

Dáse conta do escrito presentado por María del Carmen Silva Zafra, NIF35669158E representante da empresa CLABOSIL SLU, beneficiaria dunha axuda dentro do programa de Axudas Municipais á creación de empresas 2022.

Segundo expresa no escrito presentado, a empresa CLABOSIL SLU, foi ao mesmo tempo beneficiaria dunha axuda da Consellería de promoción do Emprego dentro do programa EMEGA de emprendemento feminino.

Por comunicación de data 22 de marzo de 2023 a Consellería informa á empresa CLABOSIL da incompatibilidade da axuda EMEGA coa concedida polo Concello de Vilagarcía de Arousa, requirindo á beneficiaria aos efectos de que proceda á renuncia e reintegro da axuda concedida polo Concello.

A representante da empresa CLABOSIL SLU presenta escrito renunciando á axuda municipal e solicitando un número de conta para proceder ao reintegro da mesma.

A tal efecto, o departamento de Tesourería facilita os datos bancarios seguintes, correspondentes a unha conta bancaria de titularidade municipal: ES88-2080-0522-9031-1000-0019

Constando o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aceptar a renuncia á empresa CLABOSIL S.L. CIF. B09963679, respecto da axuda de 2.500 euros concedida dentro do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2022.
- Facilitar á beneficiaria os datos da conta bancaria de titularidade municipal: ES88-2080-0522-9031-1000-0019, aos efectos de que proceda a efectuar o reintegro da cantidade percibida en concepto de subvención, así como os xuros de demora, por importe de 35,04 €.

### **PRP2023/1423**

En sesión de XGL de 30/01/2023 acordouse solicitar a Consellería de Economía, Industria e Innovación, ó abeiro das bases de axudas para investimento na mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, unha subvención por importe de 53.927,94 € (80% do orzamento da memoria valorada).

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de que con data 13 de abril de 2023, a Concellería da traslado a este Concello da Resolución pola que se acorda a inclusión do Concello de Vilagarcía en lista de agarda por esgotamento de crédito, para a concesión de subvención para o proxecto de RENOVACIÓN PARA AFORRO ENERXÉTICO, DE ILUMINACIÓN NO PARQUE EMPRESARIAL DE TRABANCA BADIÑA-VILAGARCIA DE AROUSA.

O proxecto presentado polo Concello de Vilagarcía ocupa o posto nº 17 da lista de agarda, informando a Consellería, na proposta de resolución, das condicións xerais para os expedientes que conforman a lista de agarda:

- A listaxe será atendida por rigorosa orde de puntuación
- Cada solicitude será atendida cando exista crédito axeitado e suficiente para atender a totalidade do importe de subvención asignado
- No caso de que un concello acade a condición de beneficiario con data superior á de xustificación do artigo 21.1 das bases, ou do que se determine nunha posible ampliación do prazo, disporá de dez días para a presentación da mesma.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2023/1467**

Dáse conta do recurso presentado por DNA ANDREA CAROLINA ORTIZ FERRER, NIF: Y1494400N fronte á cantidade concedida en concepto de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022.

Polo Departamento de Promoción Económica emítase o seguinte informe:

PRIMEIRO. Que o 30 de setembro de 2022, a recorrente solicitou axuda dentro de programa de Axudas a Creación de Empresas, aportando a documentación xustificativa do gasto realizado que estimou pertinente.

SEGUNDO: O 4 de outubro de 2022 foi requirida a efectos de que emendase a solicitude, sendo punto concreto obxecto de requirimento a “aportación de facturas correspondentes aos gastos para os que se solicita subvención”.

En contestación a dito requirimento a recorrente presentou novas facturas de gasto e os xustificantes de aboamento das mesmas, documentos que se tiveron en conta para o cálculo da contía a outorgar en concepto de axuda.

TERCEIRO. En sesión de XGL de data 5/12/2022, acordouse o outorgamento da axuda e o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (224,08€), acordo que lle foi notificado a Dna. Andrea Carolina o 27 de decembro de 2022.

CUARTO. En data 13 de abril de 2023, Dna. Andrea presenta escrito de reclamación fronte á cantidade concedida como subvención, xuntando “memoria xustificativa de facturas adicionais” e aportando novas facturas e xustificantes de gasto, a meirande parte delas, anteriores á data de cumprimentación do requirimento, e, todas elas, anteriores á data de adopción do acordo de concesión pola XGL (5/12/2022).

Conclúese, pois, que o escrito presentado pola recorrente é extemporáneo, por canto:

1. As facturas que acompañan ao escrito de reclamación, obraban en poder da interesada e puideron ser aportadas no trámite de emenda ao requirimento ou, cando menos, con anterioridade á adopción e notificación do acordo de concesión da axuda.
2. Notificado á interesada o acordo de concesión da axuda o 27 de decembro de 2022, o recurso presentado excede cumpridamente os prazos de impugnación da resolución de concesión, dos que a recorrente foi informada dos recursos incorporados á notificación do acordo de XGL.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso presentado por Dona Andrea Carolina Ortiz Ferrer, por extemporáneo.

### **PRP2023/1524**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra, dunha subvención por importe de 62.400 € dentro do Programa "Plan de Fomento da empregabilidade denominado "Primeira Experiencia Profesional 2023-2024" nos Concellos da Provincia de Pontevedra, para a contratación de 4 traballadores en formación para un contrato a tempo completo por 12 meses, sendo a aportación do Concello de 18.334,08 €. A contratación comprende 2 traballadores/as do grupo A2 e 2 traballadores/as do grupo C1:

- 1 Licenciado/a/Grao Económicas e 1 Licenciado/a Grao Dirección e Xestión Pública (Área de Promoción Económica)



- 2 Ciclo superior Administración e Finanzas (Área de Servizos Sociais).

A designación do persoal técnico para as actuacións como titores responsables da formación, da supervisión e apoio técnico ás persoas contratadas que impartirán todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices ás e aos traballadores/as, ademáis de ser responsables da calidade técnica das tarefas que desenvolvan:

Ira Camba Rey titora dos traballadores/as en formación Ciclo superior Administración e Finanzas

Mar Caramés Moreira titora dos traballadores/as en formación Licenciado/a/Grao Económicas e Licenciado/a Grao Dirección e Xestión Pública.

A disposición de financiamento para custear a parte non subvencionada pola Deputación Provincial. O custe total dos contratos durante 12 meses ascende a 81.229,92 €, a subvención da Deputación é por importe de 62.400 € e a aportación do Concello é de 18.829,92 €, con cargo á partida 241.131.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2023/1431**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación coa organización e desenvolvemento dun concerto no Auditorio Municipal o día 10 de maio, ás 20 horas pola Orquestra do Conservatorio Superior de Música de Vigo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira S.L. polo importe total de 385,00 € (IVE incluído), para o aluguer dun autobús para o desprazamento dos membros da orquestra do Conservatorio Superior de Música de Vigo ata Vilagarcía e regreso á cidade de orixe, con cargo á partida 3261.223.

- A realización de 400 programas de man para dito concerto polo Gabinete de Comunicación do Concello.

A asistencia técnica ao Departamento de obras do Concello, para que procedan a trasladar as cadeiras, atrás e instrumentos de percusión desde a Aula 2.3. do Conservatorio á Sala Principal e o repoñan unha vez rematado o acto.

A asistencia técnica en Sala dos técnicos que o responsable do Auditorio estime oportunos para o correcto desenvolvemento do concerto e de auga para os músicos.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/1432**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a sinatura do Contrato de Patrocinio para a financiación da VI Edición do Festival Internacional de Música Clasclas 2023 entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e D. Ramiro Carregal Rey, cunha aportación de 6.000,00 €, que se destinará, entre outros aspectos, ao aluguer dos pianos de cola precisos para o desenvolvemento do festival.

#### **PRP2023/1444**

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio, en relación á doazón dunha estrutura de paneis acústicos composta de 35 pezas, que a Fundación Kammermusik Um Halba Acht, cede ao Festival Internacional de Música clasclás e ao Concello de Vilagarcía.

Vista a citada proposta a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a Doazón da estrutura acústica que realiza ao Festival Internacional de Música clasclás e ao Concello de Vilagarcía de Arousa, a Fundación Kammermusik um halb acht, da que é xerente Beatrix Elisabeth Jerie Schneider e vocal Marek Jerie, manager e violonchelista respectivamente do Trío Guarneri de Praga, Dirección Artística do Festival clasclás desde hai tres anos.

Segundo.- Autorizar o desprazamento de tres empregados municipais desde Vilagarcía de Arousa ata Basilea en Suíza e retorno á Vilagarcía, para proceder ao traslado da estrutura acústica doada pola Fundación Kammermusik um halb acht.

Terceiro.- Aprobar a provisión de fondos á nome da Sra. Concelleira de Facenda, Luz Abalo, polo importe total de 4.060,31 €, e con cargo ao orzamento de gastos da Concellería de Cultura para o ano 2023, desagregado do seguinte xeito:

Concepto	Importe	Partida
Dietas empregados municipais	2.210,31 €	334-23020
Gastos de gasoil e autopista	1.800,00€	334-23120
Gastos estimados de cambio de divisas	50,00€	334-22699
TOTAL	4.060,31 €	

#### **PRP2023/1449**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases da convocatoria de subvencións para o financiamento do Plan Madruga nos centros sostidos con fondos públicos para o curso 2022/23, por un importe total de 5.000 €, con cargo á partida 320.48003.

- Una axuda de 100 €/mes para cada ANPA por mes.
- Non se require un número mínimo de usuarios.
- Establécese un único período, que coincide co curso escolar: de setembro 2023 a xuño 2024.
- Xunto coa solicitude xa presentan a xustificación.
- O prazo vai do 23 de xuño ao 10 de xullo de 2023.

#### **PRP2023/1499**

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda incluír a materia de "Informática Musical" para o seu desenvolvemento no actual Plan de Estudos da Escola Municipal de Música.

### **MERCADOS**

#### **PRP2023/1500**

Dáse conta do escrito presentado por D. Angel González González, solicitando que pasen a nome do seu fillo D. David González Rodríguez a titularidade os postos nº 76-77 da Zona Doutor Carús do Mercado de Vilagarcía de Arousa, por xubilación.

Visto o informe do Xefe de Mercados e de conformidade co establecido no Regulamento Municipal de Venda Ambulante, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o cambio de titularidade a favor do Sr. González Rodríguez da concesión dos postos citados, polo período

que resta da concesión, pasando despois a autorizacións, previa solicitude, por un período máximo de cinco anos, prorrogables a criterio e por acordo expreso da Xunta de Goberno Local, por identicos períodos.

## **SANIDADE**

### **PRP2023/1385**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda anulación da liquidación cos datos abaixo indicados por duplicidade:

LIQUIDACIÓN A ANULAR:

Emitida a: D<sup>a</sup>. Elena Prego Pena

Dni: 35.402.501G

Concepto: Renovación aluguer da UE número V4074

Importe: 113.55€

Identificador Número: 20227836060CT10L000059

MOTIVO DA ANULACIÓN:

A renovación do aluguer da UE V4074 polo período 2021-2026 xa foi liquidada a D<sup>a</sup>. Elena Prego Pena e aboada con data 11/11/2022, Liquidación co identificador número 20227836060CT10L000008.

### **PRP2023/1391**

Dáse conta de proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, dacordo co establecido no artigo 8.3 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa do Cemiterio, PROPÓN a Xunta de Goberno Local a reversión da concesión da Unidade de Enterramento abaixo indicada de conformidade co solicitado por D<sup>a</sup>. María Pilar Alcalde Romero, herdeira da titular da concesión da UE, procedendo ao abono da cantidade correspondente, o cal deberá ingresarse na conta indicada pola solicitante.

REVERSIÓN Cemiterio de Carril			
Número UE	Modalidade Adjudicación	Titular	Data Reversión
Fosa C38	Concesión	D <sup>a</sup> . Hermitas Díaz Fernández	12/04/2023

### **FUNDAMENTOS.-**

I.- De acordo co establecido nos artigos 66 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, neste suposto non prescribiron nin o dereito a solicitar a devolución de ingresos indebidos, nin o dereito á súa obtención.

II.- De acordo co establecido no artigo 221 da Lei Xeral Tributaria, este expediente iníciase: a instancia do interesado

III.- Neste expediente concorre o seguinte suposto de devolución de ingresos: Artigo 221.1.d) da Lei Xeral Tributaria de 2003: Suposto establecido por normativa tributaria.

Este suposto produciuse con data 01/04/2014

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aceptar a reversión da foxa arriba indicada e que se recoñeza ó dereito á devolución de ingresos dos seguintes recibos/liquidacións, polos importes indicados:

Concepto REF.INT. / XUROS

CONCEPTO Pptario. Recibo / Liq. EX. COTA RECARGA XUROS DEMORA COSTAS

TAXA CEMENTERIO MUNICIPAL 30900 35.46€ € 0,00 € 0,00 € 0,00 € 0,00 €

TOTAIS POR CONCEPTO 30900 ..... 35.46 €

## DATOS BANCARIOS

Titular: D<sup>a</sup>. María del Pilar Alcalde Romero

Dni: 35.428.823Z

Num. Conta: ES98 – 0049 – 7830 – 4027 – 1001 - 0097

Importe: 35.46€

- Autorizar o cambio de titularidade das seguintes unidades de enterramento:

CAMBIO TITULARIDADE Cemiterio de Vilagacía de Arousa			
Número UE	Modalidade Adjudicación	Titular	Data Titularidade Cambio
V2214	Concesión	Titular antigo:D <sup>a</sup> . Hermitas Gómez	10/04/2023
V2215	Concesión	Díaz Novo Titular: M <sup>a</sup> Pilar Alcalde Romero	

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### XUVENTUDE

#### PRP2023/1468

Vista a proposta da Concellería de Xuventude , a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, con cargo á partida 231.22610:

Primeiro: Aprobar o orzamento e adjudicación do Servizo Complementario de comedor dos Campamentos Urbanos de Verán 2023, da empresa (Chicolino) JOSÉ FAJARDOS.L. B 15320187 LUGAR EGIPTO 125, ABANQUEIRO - BOIRO (A CORUÑA) C.P. 15938, por un importe máximo estimado de 6.171,20 € (ive do 10% engadido)

Segundo: Aprobar o orzamento e adjudicación do servizo de limpeza por importe de 2.487,63 € (ive do 21% engadido) á empresa Clece S.A. con CIF: A80364243 e enderezo en Plaza de América 1, Torre 1, 1<sup>a</sup> planta. 36211 Vigo.

Terceiro: Aprobar o prezo público do comedor de 5 €. O servizo, ademais disporía das seguintes reducións do prezo a pagar polo servizo de alimentación baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente (a día de hoxe 600 €), tal e como se indica:

R.PC. familiar, en base ao IPREM	Aportación Usuario/a	Aportación Concello
Inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80% e o 100%	50%	50%
Superior ao 100%	100%	0

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2023/1481

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización de I Xornada Técnica sobre Formación e Futuro Laboral, a desenvolver o día 4 de maio de 2023, no Auditorio Municipal, por un importe estimativo total de 5.507,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

- Empresa Pereira SL (CIF.: B36030997 e enderezo en Pol. IND. 19 Trabanca 36600 Vilagarcía) por importe de 720€ (ive do 10% incluído) para a recollida e traslado ao Auditorio dos/as alumnas dos seguintes centros educativos: IES O Carril, CIFP Fontecarmoa e IES Cotarelo

Valledor.

- Cristina Durán Recuna (NIF.: 35476266P e enderezo en Avda. da Mariña 100 5º A, 36600 Vilagarcía) por importe de 1379,4 € (IVE engadido do 21%) e que se desglosa do seguinte xeito: 556,6€ (ive 21% engadido) para a realización e gravación dun video que recollerá diversos testemuños de persoas de diferentes ámbitos e traxectorias laborais.

822,8€ (ive engadido 21%) para proxección do video de testemuños de diversos profesionais de diferentes ámbitos laborais e dun breve video inaugural, cun técnico de video, durante a xornada do 4 de maio e en horario de 10.00 a 14.00h.

-GOHEAD RESTAURACION 2020 SL (con NIF.: B94198934 e enderezo en Rúa Valentín Viqueira nº 6, 36600 Vilagarcía de Arousa) e por un importe de 495€ (Ive engadido do 10%) para o servizo de 30 almozos (café máis acompañamento) para os/as relatores/as e informadores/as do espazo académico e expositivo que participen na xornada técnica.

- La Voz de Galicia ( CIF: A 15000649 e enderezo en Rúa Ronda de Outeiro nº 1-3 baixo A Coruña e CP.:15006 ) para a adquisición de 100 guías de estudos superiores de Galicia para repartir entre os centros educativos participantes na xornada e polo importe de 208 € (Ive do 4% engadido)

- Froiz Grandes Superficies S.A con NIF.:A36203040 e enderezo en Lugar de Lourido, nº 15 Poio (Pontevedra) e CP.: 36995 por importe de 20€ (IVE engadido) para a adquisición de 100 botellíns de auga (de 33cl) para os/as relatores/as e informadores/as do espazo académico e do espazo expositivo.

- 85€, cantidade estimativa, para a adquisición de 40 identificadores para acreditar aos relatores e informadores participantes na Xornada Técnica.

- Para relatorios e coloquios e participación mostra espazo expositivo por parte dos/as relatores/as e técnicos/as de diversas empresas participantes na xornada : 1.800 € (estimado).

- 800€ para os imprevistos que poidan xurdir derivados da organización da xornada técnica.

Acórdase así mesmo a colaboración do Departamento de Electricidade, Servizo Municipal de Obras e Departamento de Informática.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **TURISMO**

#### **PRP2023/1448**

O Concello de Vilagarcía está a promocionar as diferentes vías para facer o Camiño de Santiago que pasan por Vilagarcía -a Variante Espiritual ou a Ruta Xacobeá do Mar de Arousa- i en calquera das modalidades que permiten eses itinerarios: en barco, a pé, en bicicleta, en kayak... Ademais, en colaboración coa Mancomunidade do Salnés, dende o ano pasado está promocionando o produto A ORIXE DO CAMIÑO, que fai referencia a que pola Ría de Arousa e o río Ulla foi levado o corpo de Apóstolo cara a Santiago, que foi a orixe de todo o fenómeno Xacobeo, e propón que o peregrino se achegue a Vilagarcía para logo facer ese camiño ata Compostela.

Unha das formas recoñecidas de facer o camiño e obter a compostelá é navegando. Con esa premisa, a Asociación de Marinas do Norte de España, NORTMARINAS, organiza a travesía

NAVEGA O CAMIÑO, que parte de La Rochelle, en Francia, o 6 de xuño, e remata en Santiago, logo de 15 etapas e varios días de descanso intercalados. A viaxe dos barcos remata en Vilagarcía.

